

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 25 DE MAIO DE 2022

Ás 10.00 horas do día 25 de maio de 2022, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión extraordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Seguidamente iniciouse o tratamento do único asunto incluído na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

ÚNICO.- PROPOSTA DO GRUPO SOCIALISTA PARA RECLAMAR A DMISIÓN INMEDIATA DO ALCALDE DE OURENSE, GONZALO PÉREZ JÁCOME, A SÚA REPROBACIÓN E A CONDENA ROTUNDA DESTA CORPORACIÓN POLA SÚA AGRESIÓN A UNHA MULLER DURANTE UNHA CONCENTRACIÓN.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da proposta.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que o día 15 de xuño de 2019 consumouse unha fraude electoral na cidade de Ourense, cando o PP, segunda forza política nas eleccións municipais nesta cidade, cedeulle os seus votos á terceira forza política, investindo a Gonzalo Pérez Jácome como alcalde de Ourense, a pesar de ter máis votos que a propia DO. O trato entre PP e DO tamén contemplaba que José Manuel Baltar Blanco conservaba a Deputación, a pesar do rexeitamento xeneralizado a súa xestión, xa que o PP obtivo os peores resultados da súa historia na provincia de Ourense e na cidade. A investidura tivo lugar o día 28 de xuño de 2019, perverténdose o sentido das urnas, e colocando na Presidencia da Deputación a quen obtivo os peores resultados da historia do Partido Popular, e na cadeira do concello de Ourense, ao representante da terceira forza política. Prevíase unha difícil convivencia, como amosaron os feitos ao longo destes meses. O 8 de setembro de 2020, cinco membros de DO solicitaban a dimisión do alcalde e falaban de problemas e irregularidades moi graves, levando con isto a que os sete edís do Partido Popular abandonasen o grupo de goberno por considerar a situación “moi grave”. O 6 de outubro de 2020 vinte e catro edís da corporación da cidade de Ourense solicitamos, a través dunha

moción do BNG, a dimisión de Gonzalo Pérez Jácome, moción que foi aprobada cos únicos votos en contra da propia DO. Tras un período de despropósitos, os nove concelleiros e concelleiras do grupo socialista presentamos na data 5 de novembro de 2020 unha moción de censura para intentar remediar as cousas, e que ao non ter as sinaturas necesarias para ser presentada ante a secretaría do concello, depositamos nunha notaría, onde alí segue. Aos dous días o Partido Popular reaccionou cunha furia inusitada, e en vez de apoiar a moción de censura, pediu que me apartase eu para poder levar o cambio no concello de Ourense. O 7 de abril de 2021 reúnome con Jesús Vázquez e lle digo que estou disposto a asumir esa condición “indigna” de que quen gaña as eleccións tense que apartar, e pídolle que traslade esta proposta aos responsables do Partido Popular. Como non tiven resposta, o 19 de abril fixeno público nunha rolda de prensa, pero unha vez máis o Partido Popular cunha reacción moi difícil de explicar, non só o acepta, senón que esixe que presente a miña renuncia como concelleiro e abandone a vida política, nunha proposta totalmente antidemocrática e mafiosa (conducta daqueles que protexen os seus propios intereses utilizando medios ilícitos ou inmorais, segundo o dicionario da RAG). O 24 de xuño de 2021 o PP retornou ao goberno con Jácome, e di que o fai co gallo de darlle estabilidade ao concello de Ourense, esquecendo que o asunto que dera lugar a que abandonasen o concello estaba sen resolver, e que non lle daban ningunha estabilidade ao concello, porque unha maioría de 14 non é suficiente, como quedou demostrado. Tratouse dun *cambalache*, onde os únicos que tiñan estabilidade eran os petos dos concelleiros e concelleiras do PP, que ao saír do goberno do concello lles foron asignadas dedicacións na propia Deputación provincial. O 3 de setembro de 2021, Jesús Vázquez decídese a abandonar o concello e o Senado porque está en desacordo con manter o pacto con Gonzalo Pérez Jácome. Cinco meses despois a fiscalía querelouse contra Jácome por suposta malversación de caudais públicos. A ante esta acusación o Partido Popular decide manterse e quedar no goberno municipal. O 23 de marzo deste ano o Xulgado de Instrución número 1 dá luz verde para xulgar a Jácome por inxurias ao dicir que “hai unha mafia policial no concello de Ourense”, pero polo que se ve, non é motivo suficiente para que o PP deixe de prestar o seu apoio a Jácome. O pasado 3 de maio, no seo dunha manifestación, hai unha agresión a unha sindicalista, e ante esa, unha vez máis instamos para que se tomasen medidas. O 13 de maio CCOO presenta unha querela penal contra Gonzalo Pérez Jácome por maltrato de obra, vulneración de dereitos sindicais e actuación contra o libre dereito á folga. O día 4 de maio, José Manuel Baltar, aquí presente, dixo que “este tipo de actitudes non caben na vida

pública e non hai ningunha desculpa posible”. O mesmo Alfonso Rueda, presidente da Xunta de Galicia, dixo que era algo absolutamente inaceptable e que é moi difícil manter o pacto despois do ocorrido e que se ía reunir co Partido Popular de Ourense. Non sabemos que pasou nesa reunión, pero ao día seguinte bastaba o perdón. Ao Partido Popular válelle calquera cousa con tal de non mudar o *statu quo* e a súa posición de poder na Deputación

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza dirixíndose ao voceiro socialista para indicar que se saltou un capítulo moi importante na historia que acaba de contar, que é esa pretensión de moción de censura que quería levar a cabo nesta institución, poñéndoa a ela de presidenta da Deputación e ofrecéndolle unha carta en branco, para conseguir unha fraude electoral e perverter o sentido das urnas, indicando que o Partido Socialista emprega o seu discurso segundo lle convén. En primeiro lugar sinala que debe quedar claro e debe quedar constancia de que ela non comparte para nada a actitude do alcalde Ourense con Lola Panero. E que as persoas que ostentan cargos públicos e máis un alcalde, deben dar exemplo. Engade que todos cometemos erros e nos podemos equivocar pero hai que saber recoñecelo e pedir perdón, polo que lle pide ao alcalde de Ourense que dea un paso á fronte e así o faga. A continuación sinala que ela non se cre a preocupación que pretende amosar o Partido Socialista por Lola Panero, senón que só hai intencionalidade de conseguir votos e réditos políticos nesta “performance”, todo isto para cumprir o soño do señor Rodríguez Villarino de ser alcalde da cidade de Ourense. A continuación pregunta se é que hai mulleres de primeira e de segunda, lembrando que ela en primeira persoa sofre, nos últimos meses, agresións verbais continuas, faltas de respecto e menosprezos desde a bancada do Grupo Socialista nesta Deputación. Para rematar pregúntalle ao Partido Socialista se existen mulleres de primeira e mulleres de segunda e se tamén van solicitar un pleno extraordinario para condenar as agresións verbais e menosprezos que ela sofre, engadindo que o seu voto vai ser contrario ás propostas do Grupo Socialista e favorable para que o actual alcalde de Ourense pida perdón.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza a súa intervención sinalando que seguramente este pleno non se tiña que ter realizado, e que esta situación se tiña que ter solucionado hai máis de ano e medio, e que como xa adiantou o presidente desta Deputación no día de onte, a decisión xa está tomada, polo que nos podíamos aforrar este debate. En todo caso indica que sería bo ter presentes uns datos, como son, que a agresión a Lola Panero da que estamos a falar, é un chanzo máis ou a elevación da situación política municipal en Ourense que se ven dando nos últimos anos. É certo que o señor Feijóo, o señor Rueda e o

señor Baltar teñen feito unha aposta por tapar os focinhos e soportar na alcaldía ao señor Jácome, pese a que menosprece, insulte ou denigre aos seus representantes no concello de Ourense ou á cidadanía. As cousas deben quedar claras, os votos para o señor Jácome no concello son votos para o señor Baltar na Deputación. O alcalde de Ourense falaba no ano 2020 de traizón épica, e hoxe están aquí PP e DO en modo tándem. O Sr. Jácome será recordado polas súas grandes ideas como o Museo municipal, os colectores soterrados, as dúas Prazas de Abastos, o “Ourense vertical”, o famoso parque acuático, o mapa mundi, o carril bici da Ponte a Mariñamansa, o túnel dos Remedios, a mellora das marxes do Miño, o complexo do Bamio, o rañaceos de oitenta plantas... e esta é a situación real da cidade de Ourense, e que debería facernos reflexionar a todos de ata onde temos levado a política nesta cidade e nesta provincia. Agardemos que a cidadanía poida reflexionar e esta situación poida endereitarse cos seus votos.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza afirmando que Gonzalo Pérez Jácome errou, por descontado que si. Errou nun acto inxustifico e rexeitable para calquera persoa e máis para un alcalde, e errou ao non pedir desculpas, polo que desde o Grupo Popular facemos novamente un chamamento ao alcalde da cidade de Ourense para que presente as súas desculpas polo acontecido e canto antes. Este é o posicionamento do Grupo Popular sobre o acontecido, rexeitamento do acto e reiteración para que pida perdón, xa que o señor Pérez Jácome é o único responsable das súas accións. Seguidamente sinala que por esta razón van votar en contra desta iniciativa política, que non trata máis que de ser un “show” promovido polo Partido Socialista de Ourense, que por un lado trata de pedir a dimisión do alcalde, e por outro lado, e por debaixo da mesa, negocia con el unha suposta moción de censura nesta Deputación e a este goberno provincial, o que constitúe unha auténtica falsidade. Sinala que ao Grupo Socialista parece que lle vale todo con tal de gobernar, primeiro coa deputada Montserrat Lama, e agora con quen repudian en público, pero desexan en privado. Méntenlle á cidadanía de Ourense con tal de conseguir gobernar, cunha autoconvocatoria pantasma que sabían que o Partido Popular rexeitara mediante carta, na que se lle lembraba o pacto que ofrecera o Partido Popular para que gobernase a lista máis votada, e como daquela non houbo resposta, razón pola que se lles permite ás agrupacións locais buscar pactos que garantan a estabilidade e gobernabilidade das corporacións, e lembrando que o dereito aos pactos é para todas as formacións políticas e non é exclusivo do PSOE.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta que pasou o 4 de maio cando ao Sr. Baltar e ao Sr. Rueda non lles valía o perdón, e tras esa reunión si que lles vale. A continuación sinala que motivos para pedir a dimisión os hai e máis que sobrados: ataques á policía, á funcionarios, a representantes sindicais, veciñais, a xornalistas, a atletas, a excompañeiros de partido e a compañeiros de corporación. Se realmente lles preocupase a imaxe de Ourense con isto, e co que levan facendo aquí nos 35 anos que levan gobernando, hai motivos de sobra. Seguidamente lembra que o pasado 6 de maio Alberto Nuñez Feijó sinalou que se realmente queríamos cambiar esta situación, non había máis que poñernos en contacto, pero que logo cando realmente se formula ese pacto, non hai tal, nun claro acto de covardía política. Ao Partido Popular parece que non lle gusta non estar nesa foto, e que o Partido Socialista si que está porque si quere falar e cambiar as cousas. O día 9 de maio o Sr. Baltar afirmou que este asunto da agresión “debe ser o asunto máis importante que se ten producido en Ourense nos últimos anos”, con esa ironía cara ao maltrato a unha muller. O Partido Popular di que non ten ningunha responsabilidade deste feito, cando é o que sostén como alcalde a Gonzalo Pérez Jácome. Engade que a este partido debería preocuparlle a imaxe que del poden ter as mulleres. Diríxese ao presidente da Deputación para indicarlle que despois de tantas e tantas desfeitas ten unha boa oportunidade de redimirse, e que para todas as persoas que cremos que existe unha alternativa e outra forma de facer as cousas en Ourense é a hora de falar e de dicir as cousas con claridade, polo que non debemos abandonar a esperanza e debemos dicirlle á xente que o cambio é posible. Por último dá lectura ás propostas de acordo que motivaron a solicitude desta sesión extraordinaria, e que son as seguintes: 1º.- A Corporación da Deputación Provincial de Ourense condena rotundamente a agresión física e verbal do alcalde de Ourense e deputado provincial, Gonzalo Pérez Jácome, a unha muller, Lola Panero, no decurso da concentración motivada pola folga indefinida convocada no servizo de transporte urbano da capital o día 3 de maio de 2022 e traslada todo o seu apoio e respecto á agredida. 2º.- A Corporación da Deputación Provincial de Ourense reproba ao alcalde de Ourense e deputado provincial, Gonzalo Pérez Jácome, por agredir física e verbalmente a unha muller, Lola Panero, que o día 3 de maio de 2022 se manifestaba nunha concentración motivada pola folga indefinida convocada no servizo de transporte urbano da capital ourensá, por ser un feito absolutamente intolerable e antidemocrático. 3º.- A Corporación da Deputación Provincial de Ourense solicita a dimisión inmediata do alcalde de Ourense e deputado provincial, Gonzalo Pérez Jácome, ante a gravidade dos feitos

acontecidos o día 3 de maio de 2022 ás portas do Concello de Ourense, onde agrediu física e verbalmente a unha muller, Lola Panero, que se manifestaba nunha concentración motivada pola folga indefinida convocada no servizo de transporte urbano da capital ourensá, por ser un feito absolutamente intolerable e antidemocrático. 4º.- A Corporación da Deputación Provincial de Ourense solicítalle ao Partido Popular e, nomeadamente, ao seu presidente provincial, José Manuel Baltar e ao seu presidente nacional, Alberto Núñez Feijóo, a inmediata retirada de calquera tipo de apoio ou acordo político ou institucional a Gonzalo Pérez Jácome e á súa formación, Democracia Ourensana, ante a gravidade dos feitos acontecidos o día 3 de maio de 2022 ante o Concello de Ourense, onde agrediu física e verbalmente a unha muller, Lola Panero, que se manifestaba durante unha concentración motivada pola folga indefinida convocada no servizo de transporte urbano da capital ourensá. 5º.- A Corporación da Deputación Provincial de Ourense trasládalle o seu apoio aos traballadores e traballadoras do servizo de transporte urbano de Ourense na defensa dos seus dereitos laborais, así como na reivindicación destes.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza sinalando que o Partido Socialista aquí ven co seu discurso de sempre que se asemella a disco raiado, pero non falan do que se ten que falar. Diríxese ao voceiro socialista para dicirlle, desde o respecto, que el non é a mellor alternativa para esta provincia, e que xa o coñeceu de preto cando lle ofreceu ser a presidenta desta Deputación nunha moción de censura, ofrecéndolle a ela unha folla en branco. Para rematar pídlle ao deputado e alcalde de Ourense Gonzalo Pérez Jácome que por favor dea un paso adiante e pida perdón por errar e equivocarse, engadindo que o seu voto vai ser en contra a este circo mediático do Partido Socialista e a favor de que Gonzalo Pérez Jácome pida perdón.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda sinala en primeiro lugar que o voceiro do PP erra cando di que o que sucede no concello de Ourense é só responsabilidade do alcalde, xa que o PP é corresponsable na medida en que mantén ao alcalde no seu cargo. O Sr. Feijóo, o Sr. Rueda e o Sr. Baltar son corresponsables do que sucede no concello e a pregunta é cando vai rachar esa entente, pero supoño que por interese político duns e doutros, acabará rachando, e logo verán as xustificacións do máis variado. Engade que non se lle pode pedir ao BNG que apoie esta situación que se está dando a día de hoxe no concello de Ourense e na provincia, e agarda que o PP entenda que isto non vai en beneficio da cidadanía, e para unha capitalidade da provincia, que segue a perder poboación.

Remata indicando que o cambio debe vir da man dos votos da cidadanía de Ourense en xuño do ano que ven.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza indicando que semella que parece que vai ser o único que se vai referir no debate ao que figura na orde do día, que é unha suposta agresión. Sinala que o Partido Socialista parte de que esa agresión se produciu, e lembra que os supostos de agresións se resolven nos xulgados e non na Deputación. Sinala que se os deputados e deputadas do PSOE teñen claro que existiu esa agresión, están tardando en ir ao xulgado a denunciálo, ou quizás é que non o teñen tan claro. Existen outros detalles como que ese día e cando se produciu esa suposta agresión, a Praza estaba chea de policía, e se estes pensasen que se produciu unha agresión, os propios policía terían actuado de oficio. El particularmente dubida que existise esa agresión, e que en todo caso debe pronunciarse un xuíz. O Sr. Jácome explicou nun vídeo que o que fixo foi protexerse dunha posible lesión acústica mediante un acto reflexo que é plausible. Engade que esa reacción é comprensible e plausible, para mediante un acto reflexo, apartar a fonte da agresión, e non sabemos si actuou de xeito instintivo ou de xeito premeditado, e tería que ser un xuíz o que determine se hai falta ou delito, e a consecuencia desa actuación. Sinala que o único que se busca neste pleno é facer política, falando dos tráfugas, do rañaceos...Remata indicando que as únicas causas de dimisión dun alcalde son só dúas, que o inhabilite un xuíz ou que a xente o deixe de votar e non o reelixa, e que o Partido Socialista con este pleno só busca unha “performance” política.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza dirixíndose ao señor Villarino para preguntarlle onde están as súas fotos negociando a moción de censura co señor Jácome e con Montserrat Lama. A continuación sinala que é unha mágoa que esteamos a gastar este tempo en xerar barullo mediático e non para falar do que verdadeiramente lle importa ao conxunto dos veciños e veciñas da provincia. Para confrontar, o Grupo Socialista si que solicita e acude a plenos extraordinarios, pero non acude ao do estado da provincia que se realiza en clave propositiva. Engade que fronte o escrupuloso cumprimento da legalidade nesta Deputación na convocatoria deste tipo de plenos a instancia da oposición, noutras como a de Pontevedra, é a xustiza a que obriga a convocar os plenos solicitados pola oposición. A continuación pídelles ao Grupo Socialista que se tanto lles preocupa esta provincia, que traballen por ela e se deixen destes espectáculos, lembrado que aínda seguen en vía xudicial grazas ao PSOE, as axudas ás PEMES e autónomos polo Covid. Remata indicando que estamos ante tempo malgastado, xa que estamos ante un tema xa tratado no concello de Ourense, reiterando que o Sr. Pérez

Jácome debe pedirlle perdón á sindicalista Lola Panero por esa suposta agresión. Engade que só hai unha entrada aos gobernos municipais, e que é a dos votos dos veciños e veciñas dos diferentes concellos desta provincia, e que só faltan 368 días para que se pronuncien.

- quenda de peche Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que o Sr. Ojea, que representa ao Sr. Jácome non recoñece a agresión e non pide desculpas, e o voceiro do Grupo Popular di que o Sr. Jácome debe pedir desculpas, polo que pregunta entón se non pasa nada, se non hai consecuencias, permitindo que isto suceda, o que considera unha falta de respecto á cidadanía de Ourense. Seguidamente sinala que o Sr. Jesús Vázquez, cando xa estaba fóra da política e de todo isto, e puido falar libremente, indicaba que “las decisiones no las tomaba yo, me venían impuestas, no pintaba nada ahí”, el que era contrario ao pacto. Remata indicando que o Grupo Popular se opón a condenar a agresión, a pedir a dimisión do alcalde e a reprobar a súa actuación, e van seguir mantendo a unha persoa que no ano 2017 presentaba unha moción nesta institución na que cualificaba ao Sr. Baltar de gran estratexa internacional e pedía que en todas as aulas dos colexios da provincia debería haber un cadro ou un busto de Manuel Baltar. Engade que o Grupo Popular e a deputada non adscrita Montserrat Lama dan pena, e que esta só trata de facer méritos para volver ser acollida nalgunha lista do PP. Por último sinala que as únicas dúas persoas que non quere ninguén nesta provincia son precisamente Manuel Baltar e Gonzalo Jácome, como demostraron os peores resultados da historia do PP na provincia de Ourense, e engade que as demandas desta proposta que se somete e votación están moi claras, e as diferentes posicións tamén, e que estamos agardando a que haxa posibilidades de facer por fin algo nesta provincia, pero que a dificultade está en que algúns se amarran á cadeira como sexa e válelles calquera.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a proposta do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita (1).

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<http://depourense.seneca.tv/s/PkJySZooJ5ZvjFQcxQEda1czUcaKJV4Uh9zFEB4Ttb0UFR2Z.wmv>

SHA512

df007cfb5cdb0b34b65de78f2bd331c8a431f3aabd8ce7334193c73903544b664edfa21
8c4f8195168aa38c5a1aefae377f6e8f2bb6b55d9dee6ddc3d762d02c

E, ás 11.05 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.